

e o paradoxo dunha “muller sachando enigmas” no “silencio político da lareira”.

Camuflaxe destila aínda outro grande tema da obra de LG, o da liberdade humana e poética, que só existen en situacións concretas. A través de acontecementos vitais e poéticos que só se dan por estarmos condenados á liberdade de escolla. Neste círculo vicioso, a poesía xorde na comparecencia do suxeito, na acción (auto)liberadora. Cuestiónanse os límites do lugar que somos, do noso mapa existencial, do noso corpo político. Mais tamén a disensión destas limitacións, o feito de que ser e liberdade sexan unha equivalencia.

Así, a aldea como “forma de vangarda artística” designa unha existencia traducida en práctica poética, que reclama que *sintamos* de xeito *glocal*, mais sen binarismos. A morte non é simplemente absurda, tamén é surreal e surrealista, un acontecemento poético, un “cabalo branco bañándose nun río”, de Galicia, do mundo enteiro.

POESÍA



A PEL DA SINTAXE

por Lorena Gómez Méndez


Certo é que pode que soamente existan dous tipos de persoas, as que coñecen código binario e as que non. Poderíamos engadir que tamén hai outras dúas clases: as que saben establecer contextos e as que non. E o contexto e as súas trampas son fundamentais aquí. Porque *LdC* é un festín semiolóxico, unha novela sobre linguaxe(s) e signos, sobre sintaxe (esa facultade da alma) e tamén sobre a necesidade case atávica que temos da ficción.

As narracións que LIDIA –que así se chama a máquina narradora principal– propón ao principio da novela, fanse partindo do canon literario, deixando

esa nova creación como a evidencia de que podería ser substituída por outra a partir dun corpus literario dado. E será, tamén, un dos fíos fundamentais a historia de CODER, un rapaz cunha síndrome particular, co illamento da xenialidade e a ausencia da empatía. A súa escasa habilidade para desenvolverse nunha contorna social é a preocupación fundamental da súa nai; axudalo a saír dese limbo emocional, a meta.

Na linguaxe substitutiva da programación, no contexto líquido do mundo en liña, no traballo de desenvolver taxonomías, na abstracción ontolóxica, diseña tamén un mundo comfortable e a medida. CODER relaciónase a partir dunha linguaxe xa creada, baixo a mediación dos códigos que xeran a simulación humana das máquinas ata que, como sucede case sempre, atrávesanse o amor e a morte (tamén temas fundamentais na literatura e na vida) e todo esvaece, os regulamentos cambian, todo muda.

A soberbia ou a soidade, parellas na condición humana, poden levarnos a espertar o doutor Frankenstein interior, a desexar a creación de seres autónomos que ao mellor saen respondóns ou retranqueiros, que artellan a necesidade da disidencia ou detectan o estigma da uniformidade, a necesaria chamada á revolución, o alento da competitividade. Non serán alleos, na súa evolución, á avaricia capitalista, aos intereses das grandes corporacións, á apropiación da investigación (e do coñecemento), esa que fai á especie humana refén de si mesma.



Límiar de conciencia

Cris Pavón
Urco Editora
Compostela, 2017
545 páxinas

Unha estrutura punk e intelixente, onde os contos rebaten a dialéctica establecida por outros contos, onde a idea de liberdade creadora vén subliñada polas conexións alleas ao propio texto, que parecen chiscarnos o ollo dende fóra, ou polo menos para esta lectora: o medo á independencia das máquinas faime pensar en *Black Mirror*, a busca da recreación do ser amado nun novo, case biónico, no *Her* de Spike Jonze, a soidade do xenio e a súa difícil sociabilidade, na lendaria e ao mesmo tempo trágica figura de Aaron Swartz.

Avanzamos na lectura e as nosas expectativas son superadas sempre por un novo xiro argumental, pola fascinante exhibición de coñecemento tecnolóxico e lingüístico, polas bonecas rusas da metaficción. E, sobre todo, pola idea de que esta novela podería conter moitas máis, tan distópicas como profundamente humanas. Como sairemos de aquí? Premendo o botón ao mellor reiniciamos o sistema. E non é esa a finalidade da literatura?

NARRATIVA

UNHA OLLADA INOCENTE SOBRE A POSGUERRA

por **Andrea Fidalgo Giraldez**


A nena do abrigo de astracán é unha longa novela do recoñecido autor de literatura infanto-xuvenil Xabier Docampo. Despois dunha longa traxectoria escribindo libros dedicados, maioritariamente, a adolescentes, esta é unha novela dirixida a un lectorado adulto, no que podemos incluír tamén adolescentes. Trátase dunha narración de temática comprometida, na que, segundo ten dito o autor, traballou durante quince anos investigando en documentos da época de posguerra, 1946 e 1947, cos que ambientar a historia.

Susana, a protagonista, é unha entusiasta da maxia do cinema e asiste con frecuencia ao cine do Morcego para ver filmes que logo lle conta á súa madriña. Eses relatos compoñen a estrutura da obra

en sete capítulos, cada un co nome dunha das películas que ve Susana e que, segundo o autor, se proxectaron na capital galega nos anos nos que se sitúa a acción. A nena ofrécesenos como contrapunto bondadoso e inocente aos feitos que se van relatar na novela e serve como fio condutor do relato por ser a observadora que, partindo da súa inocencia, se decata do envilecemento da sociedade que a rodea.

A propia vila de Ribadaínsua toma a voz para narrar desde unha omnisciencia selectiva, pois só coñece o que pasa dentro dos límites do seu territorio; conta o que fan, senten, din ou pensan os personaxes marcados pola posguerra que habitan as casas. Esta voz narrativa comeza a novela introducindo o tema principal do que se vai tratar, o mal.

O mal representado como unha das consecuencias que a guerra civil española tivo na poboación e que se estende dun xeito ou doutro entre os habitantes de Ribadaínsua provocando as desgrazas e inxustizas que se suceden na novela. Ese mal está encarnado por personaxes que ocupan postos de poder e que lexitiman a ditadura, como don Amancio, dona Agustina e don Ricardo. O ben ten presenza na historia como opoñente da maldade e que se proxecta nalgúns personaxes humildes e bondadosos, que



A nena do abrigo de astracán

Xabier P. Docampo
Xerais
Vigo, 2017
400 páxinas